




DAS MUSAS AO TEATRO

O espazo do espectáculo en Galicia





INTRODUCCIÓN

O teatro suxire a posibilidade de entrar nun mundo distinto e de converterte noutro personaxe. Dalgún xeito para o tempo e obríganos a estarmos moi atentos ao que está a suceder nese momento, nese presente.

Este actividario de actividades con glosario fai un percorrido polo espazo escénico galego e achéganos ao teatro dun xeito ameno e divertido á vez que propón a construción de xoguetes e obxectos cos que poder afondar nos espazos e nos oficios vencellados ás artes escénicas.

<<O xogo é a escola da vida do neno e a forma primaria de escenificación ou dramatización, que se distingue pola valiosa particularidade de que o artista, o espectador, o autor da peza, o escenógrafo e o técnico se unen nunha mesma persoa.>>

Lev Vigotsky

Sigue estas instrucións para elaborares os xoguetes e obxectos que compoñen este actividario:

- As liñas continuas débense dobrar 
- As liñas descontinuas débense recortar 
- As liñas oblicuas débense pegar 

As palabras que aparecen subliñadas pódense consultar ao final no glosario.

Colle o actividario, atopa un lugar confortable e deixa que comece a aventura.

EDITA: Sheila García Prado

ISBN: 978-84-09-26939-6

Esta obra editouse ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021 da Xunta de Galicia.



Autoras: Sheila García Prado
e Dra Seoane Suárez


Colaborador: Quico Cedeval



"O teatro é o único lugar onde
todos os outros lugares do mundo
poden aparecer".



A Fran Veiga, Xoán Quintáns,
Cristina Aparicio, Alberto Montiel
e Fran Núñez pola súa xenerosidade.



Planta Teatro Jofre de Ferro


OS NÓSOS TEATROS

ALGÚNS DOS TEATROS EN GALICIA

Construír algo tridimensional é saír dun plano que ten un longo e un ancho. Nesta primeira actividade propoñemos que vos fagades unha idea de lugar situando na súa localización os teatros que forman parte deste actividario e que ocupan, polas súas características e particularidades, un lugar destacado dentro do espazo escénico galego.

Identificaremos na ilustración bidimensional formas xeométricas simples e trasladarémolas a unha composición espacial na nosa maqueta, entendendo os conceptos e termos de forma experimental.

Ao unir as catro páxinas poderás formar o mapa completo do territorio galego.









\\\ 1 IMPRIME NUNHA CARTOLINA

\\\ 2 RECORTA

\\\ 3 COLOREA

\\\ 4 PEGA

As liñas continuas débense dobrar

As liñas descontinuas débense recortar

As liñas oblicuas débense pegar

—————

//////////

TEATRO DA BENEFICENCIA DE ORTIGUEIRA

No interior dun almacén de leña, viño e celeiro do antigo edificio conventual da orde dominicana, ten a súa orixe este particular teatro.

O teatro realizouse á italiana, o estilo predominante nos teatros da época no país. O novo espazo, que contaba con aproximadamente 100 localidades, acadou dous importantes obxectivos: entreter a xente no seu tempo de lecer e proporcionar ingresos adicionais para os gastos xerados polo hospital de San Roque, de aí o nome de Teatro da Beneficencia.

No ano 1886 o teatro tivo a necesidade de ampliar os seus espazos; construíronse a galería, o galiñeiro, o vestíbulo con ambigú, os camaríns e os aseos; para poder acoller un número maior de persoas. Tras esta reforma triplicou a súa capacidade. A decoración da sala foi obra de dous artistas locais: Pedro Castiñeiras, que realizou un pano de boca cunha vista da vila, e Vicente Martínez Lage, autor das pinturas sobre lenzo do teito.

Debido á súa deterioración foi restaurado no 1986, e adaptado ás necesidades espaciais e normativas dos novos tempos.

Na actualidade, o Teatro da Beneficencia de Ortigueira acolle diversos eventos ao longo do ano e promove actividades co obxectivo de recadar fondos para axudar determinados grupos, preservando así a esencia da súa fundación.



LOCALIZACIÓN: Praza Isabel II, s/n, Ortigueira, A Coruña

INAUGURACIÓN: 1950

ÚLTIMA REFORMA: 1986

CAPACIDADE: 249 persoas

TEATRO PRINCIPAL DE OURENSE

O Teatro Principal de Ourense comeza a súa andaina no ano 1830. Este novo teatro, promovido por ourensán Santiago Sáez Tivo, constrúese seguindo un modelo italiano entre do Barroco e do Romanticismo.

Ao longo da súa historia este edificio foi obxecto de numerosas transformacións entre as que destaca a do ano 1915, en que se acondiciona para a realización de proxeccións cinematográficas.

Na década dos 90, cando o teatro se atopaba moi deteriorado, unha sociedade sensible e reivindicativa esixe a súa recuperación. Acométese entón a súa última reforma coa intención de recuperar o seu esplendor e a súa imaxe orixinal como teatro. Consolidase o seu sistema estrutural e recupérase a zona de espectadores, platea e palcos, e a correspondente á caixa escénica; proscenio, camerinos, foso e escena.

Na actualidade consolídase como centro da vida cultural, social e política da Cidade das Bargas.



LOCALIZACIÓN: Rúa da Paz, núm.9, Ourense

INAUGURACIÓN: 1830

ÚLTIMA REFORMA: 1990
(Arquitecto Emilio Fonseca Moretón)

CAPACIDADE: 399 persoas

TEATRO PRINCIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Teatro Principal de Santiago de Compostela naceu froito da demanda dunha cidade que xa era un referente relixioso, turístico e universitario.

A súa construción no 1841 e a súa ubicación no centro histórico compostelán, convertérono nun elemento de dinamización cultural da cidade.

Ata a data na que foi construído este teatro, os locais para os espectáculos teatrais eran as casas de comedia, espazos amplos dentro dun edificio ou almacén que se acondicionaban temporalmente instalando un escenario para acoller os espectáculos.

Como moitos outros teatros da época, foi convertido en cinema no ano 1915.

Tras su perar a crise despois da súa conversión en cinema e o seu peche no ano 1985, por incumprimento da normativa, foi rehabilitado no ano 1988, cando recuperou a súa esencia orixinal como teatro.

Despois de 179 anos de historia e grazas ao fomento da nova creación e a innovación escénica o Teatro Principal segue a ser un referente escénico na comunidade galega que fortalece a identidade e o prestixio local.

SALÓN TEATRO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Salón Teatro, actual sede do Centro Dramático Galego, acolle dende hai 100 anos representacións teatrais e outros espectáculos no corazón do centro histórico de Santiago de Compostela.

Este inmobile foi reconstruído no ano 1919 pola Liga Mutua de Señoras de Santiago co obxectivo de utilizalo de sala de eventos e espectáculos para os seus socios e socias. Inaugurouse o 30 de outubro de 1920 e dende entón o edificio viviu multitude de reformas e por el pasaron todo tipo de espectáculos. Nos anos 30 pasou a mans da Empresa Fraga, que o destinou principalmente á exhibición cinematográfica. A Xunta de Galicia adquiriu o inmobile ano 1996 e sería no ano 1998, cando o Estudio de Arquitectura Baltar, Bartolomé e Almuiña asumiu a súa completa rehabilitación, que dotou o Salón Teatro o seu aspecto actual.

Despois de 100 anos de historia, o Salón Teatro continúa sendo un referente cultural para a cidade que o acolle e para todo territorio galego.



LOCALIZACIÓN: Rúa Nova,
núm.21, Santiago de Compostela

INAUGURACIÓN: 1842 (Arquitecto
Manuel Prado Vallo)

ÚLTIMA REFORMA: 1988
(Arquitecto: Rafael Baltar,
José A. Bartolomé, Carlos
Almuiña e Gerardo Salvador)

CAPACIDADE: 400 persoas



LOCALIZACIÓN: Rúa Nova,
núm.34, Santiago de
Compostela

INAUGURACIÓN: 1920
(Arquitecto: Jesús López
Rego)

ÚLTIMA REHABILITACIÓN:
1999 (Arquitectos: Rafael
Baltar, José A. Bartolomé
e Carlos Almuiña)

CAPACIDADE: 272 persoas


TEATRO JOFRE DE FERROL

O Teatro Jofre de Ferrol debe o seu nome ao ferrolán Joaquín Jofre Maristany que financiou o final das obras para poder rematalo e inauguralo no ano 1892.

O Jofre é un bo exemplo de teatro “á italiana”. A súa planta ten forma de ferradura; esta forma mellora a acústica e favorece que dende as últimas filas se poidan escoitar con claridade as actrices e os actores. O seu interior está composto por tres andares e os frescos inspirados nos teatros barrocos italianos, obra de Jorge Busato e Fontana di Cento, iluminan o teito. A súa fachada actual data de 1921 e é obra do arquitecto Rodolfo Ucha Piñeiro.

Ao igual que outros teatros contemporáneos incorporou á súa programación proxeccións cinematográficas a principios do século XX.

Dende o ano 1998 ao 2005 realízase a súa rehabilitación para o acondicionar segundo as necesidades e normativas dos novos tempos.



LOCALIZACIÓN: Praza de Galicia, s/n, Ferrol

INAUGURACIÓN ANO: 1892
(Arquitecto: Faustino Domínguez Domínguez e Faustino Domínguez Coumes Gai)

ÚLTIMA REFORMA: 2005
(Arquitecto: Rafael Baltar)

CAPACIDADE: 556 persoas

TEATRO PASTOR DÍAZ DE VIVEIRO

Foi promovido por Nemesio Barreiro Casal e construído entre os anos 1918 e 1919 a partir dos deseños do arquitecto Mario Páez Suárez.

O seu espazo interior segue o esquema de teatro “á italiana” no que o escenario está separado do patio de butacas. Na parte alta do escenario ten gravados os rostros de Rosalía de Castro e de Pastor Díaz.

Nos seus inicios, no edificio realizábanse espectáculos de teatro e cine pero ademais, grazas a uns gatos hidráulicos, o pavimento poñíase á altura do escenario e, tras retirar as butacas, tamén se usaba como salón de baile.

En 2020, o teatro Pastor Díaz chegou aos 100 anos con moi boa saúde, xa que continúa sendo un dinamizador e referente cultural no corazón da cidade.



LOCALIZACIÓN: Rúa Constanza de Castro núm.19, Viveiro

INAUGURACIÓN: 1920
(Arquitecto Mario Páez Suárez)

ÚLTIMA REFORMA: 2001

CAPACIDADE: 393 persoas

TEATRO ROSALÍA DE CASTRO DA CORUÑA

O Teatro Rosalía de Castro da Coruña inaugúrase, no ano 1841, co nome de Teatro Novo ou Principal. Anos máis tarde, tras ser pasto das lapas nun desgraciado incendio, reconstrúese a partir dun proxecto do arquitecto Faustino Domínguez Coumes-Gai.

No ano 1909 adopta o seu actual nome na honra da extraordinaria escritora e poeta.

Ademais dos diferentes espectáculos de teatro danza ou música que se viñan realizando no seu interior, é neste momento cando o edificio se adapta para realizar proxeccións cinematográficas.

Na década dos noventa o arquitecto Manuel Gallego acometeu a súa última rehabilitación na que se melloraron os seu equipamento, instalacións, accesos e elementos de seguridade.

Na actualidade o edificio acolle nas súas dependencias, ademais do teatro, a Biblioteca Provincial Deputación Coruña.

En constante transformación para adaptarse aos requerimentos dos espectadores, o Teatro Rosalía forma parte hoxe, 179 anos despois da súa inauguración, da memoria dos coruñeses e é un emblema do mundo do espectáculo na cidade.



LOCALIZACIÓN: Rúa Rego de Auga, núm.37, A Coruña

INAUGURACIÓN: 1841

ÚLTIMA REFORMA: 1995

(Arquitecto: Manuel Gallego Jorreto)

CAPACIDADE: 601 e 673 persoas

TEATRO COLÓN DA CORUÑA

O Teatro Colón, ao igual que moitos da súa mesma época, baséase no modelo de teatro “á italiana” que establece unha clara delimitación dos espazos destinados ao público e á escena. Así, o escenario sepárase da sala a través do marco da boca de escena, e a sala, de forma rectangular, posúe zona de patio de butacas e palcos organizados en diferentes andares.

Desde a súa apertura en 1948, albergou variedade de espectáculos escénicos musicais e teatrais así como proxeccións de cinema.

O edificio acolle nas súas dependencias, ademais do teatro, a sede da Deputación Provincial da Coruña.

A súa reforma, rematada no ano 2006, centrouse en obter un aproveitamento máis racional dos espazos e na mellora da súa iluminación e acústica.

O Teatro Colón foi o último gran teatro - cine construído na Galicia.

É un espazo vivo e unha icona da Cidade Herculina dende a súa reapertura.



LOCALIZACIÓN: Avenida da Marina núm.7A, A Coruña

INAUGURACIÓN: 1945

Arquitecto Jacobo Rodríguez-Losada Trulock

ÚLTIMA REFORMA: 2006

Rafael Baltar, Cristóbal Crespo, Antonio Raya, José Antonio Bartolomé e Carlos Almuiña.

CAPACIDADE: 845 persoas

TEATRO GARCÍA BARBÓN (TEATRO AFUNDACIÓN) DE VIGO

O Teatro García Barbón comeza a súa andaina no 1927 coas funcións de teatro, casino e espazo de proxeccións cinematográficas.

A súa construción no ano 1913 foille encargada polos herdeiros do filántropo José García Barbón ao arquitecto Antonio Palacios e está inspirada na Ópera de París de Charles Garnier.

Na década dos oitenta rehabilitase para convertelo no centro cultural da cidade. Nesta reforma proxéctase un espazo novo na planta superior que aloxará unha biblioteca, a creación dunha área de exposición e a ampliación do teatro con máis de 1000 butacas. Engádenselle á fachada seis esculturas pétreas que representan a pintura, o teatro, a escultura, a literatura, o cine e a música.

Na actualidade, grazas a unha programación de calidade e ao fortalecemento da identidade e prestixio local, é un dos referentes escénicos e culturais da Cidade Olívica.



LOCALIZACIÓN: Rúa Policarpo Sanz, núm.13, Vigo

INAUGURACIÓN: 1927 (Arquitecto Antonio Palacios)

ÚLTIMA REFORMA: 1984
(Arquitecto Desiderio Pernas)

CAPACIDADE: 994 persoas

TEATRO PRINCIPAL DE PONTEVEDRA

O Teatro Principal de Pontevedra sitúase nunha pequena parcela do centro histórico da cidade, ocupada inicialmente pola igrexa de San Bartolomeu o Vello. Debido ao seu estado ruinoso foi derrubada e construíronse nesta localización dous importantes equipamentos para a cidade o Liceo Casino e o Teatro Principal.

Igual que outros teatros da época este recollía as características do teatro á italiana. Contaba con patio de butacas basculante, rodeado de palcos, e na súa parte superior situábase o paraíso ou galiñeiro.

Acolleu no ano 1900 a primeira proxección cinematográfica da cidade mais, co paso do tempo e o declive do teatro, a favor do cine, quedou relegado a un segundo plano e converteuse en cine económico.

No ano 1980 produciuse un incendio debido a un cortocircuíto nunha das salas do Liceo; este estendeuse por todo o edificio e destruíu tamén o Teatro Principal, xa que ambos os edificios estaban acaroados. Daquela traxedia só quedaron en pé os muros das paredes mestras.

En 1997 reconstruíuse e tras a reinauguración, converteuse nun gran centro social e volveu formar parte do epicentro cultural da Cidade do Lérez.




LOCALIZACIÓN: Rúa Paio Gómez Charino, núm.6, Pontevedra


INAUGURACIÓN: 1878
(Arquitecto Faustino Flores)

RECONSTRUCCIÓN: 1986
(Arquitecto José Ramón Miyer Caridad)

CAPACIDADE: 434 persoas



INTERIOR DO SALÓN TEATRO
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



INTERIOR DO SALÓN TEATRO
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



PERSOAXES

As máscaras do teatro, a comedia e a traxedia, son iconas do teatro en todo o mundo. Serán as dúas musas gregas, Talía e Melpómene, as que representen coas súas máscaras alegre e trágica, o mundo da dramaturxia. Dúas máscaras que reflicten que unha persoa pode poñer calquera delas, a alegre ou a deprimida. Ti escolles! Depende do personaxe que se está a interpretar.

A máscara neutra é aquela empregada con fins pedagóxicos, que anula a expresividade facial e produce un estado neutro para fomentar a expresividade corporal.

Jacques Lecoq: "A máscara neutra acrecenta esencialmente a presenza do actor no espazo que o circunda."

Podemos clasificar os personaxes dunha obra teatral segundo o papel que desempeñan na trama. Protagonistas: son os personaxes principais da historia, sobre quen ten que ver a trama.



Poden ser heroes, antihéroes ou simplemente protagonistas circunstanciais, sobre eles versa o relato.

Antagonistas: son aqueles personaxes que se opoñen ao protagonista, que actúan de maneira contraria.

Tritagonistas: son os personaxes que non toman partido na historia, senón que a percorren de maneira ocasional, sen ter que ver coas loitas internas da trama.


A voz é un recurso, unha ferramenta de traballo fundamental para as actrices e os actores.

Despois de ensaiar, os intérpretes preséntanse a unha audición para poder ser seleccionados para interpretar un personaxe e formar parte do elenco do espectáculo teatral.

As compañías adoitan realizar xiras con todo o seu elenco para levar o seu espectáculo teatral a diferentes vilas e cidades.

ERA UNHA VEZ...


Con estes figurinos poderás crear un xogo de cartas intercambiable para imaxinar numerosos personaxes diferentes.



Despois de recortar todas as cartas, tenta recompoñelas dúas a dúas de xeito aleatorio e describe os personaxes que resultan.



Como se chama? Onde vive?
Cantos anos ten? En que
traballa?



Cal é a súa comida preferida? Que é o
que máis lle gusta facer?... Con esta
información cada personaxe pode facer
un monólogo sobre si mesmo.



MÁSCARAS TEATRAIS


As máscaras son os elementos que transforman os intérpretes nos personaxes. Aquí tes unhas propostas; recorta e elabora a túa.



A catrina, orixinalmente chamada Caveira Garavanceira, é un personaxe creado polo ilustrador José Guadalupe Posada e bautizada polo pintor Diego Rivera. A palabra "catrín" definía unha persoa elegante e ben vestida.


Hoxe en día son un símbolo mexicano asociado a celebración do día dos mortos.






UN MUNDO DE CARTÓN


Empregar e reutilizar caixas de cartón sempre é unha boa opción, respectuosa co medio natural.




A continuación propoñemos unhas ideas para que poidas confeccionar a caracterización dun personaxe enteiramente en cartón.


Lembra que podes inspirarte e realizar outra caracterización dun personaxe que ti imaxines. Por exemplo como pensas que podería ser a caracterización do bululú?







A maxia do teatro é posible grazas ao traballo de moitas persoas que, aínda que non aparecen en escena, realizan un labor imprescindible.



LUZ



No antigo teatro grego as representacións realizábanse sempre durante o día. As actrices e os actores, hypokrités en grego, vestidos con quitóns, interpretaban os seus papeis á luz do sol. Tempo máis tarde comezáronse a empregar fachos ou candeas e posteriormente lámpadas de petróleo ou gas para que as representación tivesen lugar tamén pola noite. Grazas a Thomas Edison, inventor da lámpada eléctrica, producírase un cambio radical na forma de iluminar e de facer teatro.

A iluminación xoga un papel moi importante en calquera tipo de espectáculo. Pódese crear un ambiente, definir unha climatoloxía ou especificar un lugar dentro no escenario e convértese nun elemento máis da escenografía. A cor, a intensidade ou a orientación son algúns factores que determinan a mensaxe que se lle quere transmitir aos espectadores.

Grazas ás técnicas de iluminación pódense illar determinados elementos e concentrar a atención neles: a escenografía, o ciclorama, xestos ou movementos dos actores e actrices, o diorama, o atrezo ou diferentes accesorios.

Nunha pantomima, na que os personaxes se expresan con movementos e xestos, a luz adquire un especial protagonismo.

Robert Wilson é un recoñecido dramaturgo que constrúe gran parte das súas escenas coa luz.



A ferramenta principal dos luminotécnicos serán os focos ou reflectores.


SEGUIDORES

Este equipo emprégase habitualmente en espectáculos nos que os personaxes principais se moven constantemente. Empréganse para xogar co movemento e permiten axustar o tamaño do feixe luminoso e cambiar a cor.



FRESNELS

Este equipo contén unha Lente fresnel, cumpre unha función de enfoque para concentrar o feixe luminoso en un reducido punto a determinada distancia.



ELIPSOIDAIS OU LEKO

Este é o tipo máis común de dispositivo utilizado para acentuar. Pode axustar dende un feixe luminoso moi estreito ata unha luz suave e difusa.



FOCO PC

Cunha lente Plano-Convexa o feixe de luz é de bordos moi definidos e é un dos máis empregados.

Ademais, hai unha serie de accesorios moi útiles para os focos, como as viseiras, para delimitar a área de iluminación, os gobos, cos que se poden facer todo tipo de efectos nos focos de recorte ou as xelatinas, láminas de acetato tinguidas de diversas cores, que actúan como filtros.

Os focos adoitan situarse no peite, nas varas, no proscenio ou nos ombros do teatro, entre as patas. O tremoísta dende a ponte de manobras controla o tiro para subir, baixar e mover eses focos.

Grazas ao CONTROL NA DIRECCIÓN DA LUZ podemos transmitir diferentes mensaxes e propoñer variados efectos de iluminación.



FRONTAL

Unha das fontes de luz principais é a que se coloca de forma frontal ao escenario e é a que ilumina a totalidade da escena.

CONTRALUZ

Para xerar unha silueta na escena utilízase a dirección a contraluz e é cando os personaxes quedan completamente iluminados por detrás. Emprégase cando nun momento determinado queremos que se vexa a acción que realizan actrices e actores pero non a súas facianas.



CENITAL

O termo cenital fai referencia a que un plano ou dirección da luz se toma dende arriba cara abaixo. Utilízase cando se queren xerar sombras ou se busca transmitir dramatismo no escenario.




NADIRAL

A luz nadiral é a que se proxecta de abaixo cara arriba. O efecto que provoca é misterioso ou mesmo sinistro, de modo que se emprega para iluminar escenas moi concretas.




LATERAL

Outra das direccións da luz é lateral, podendo colocarse as fontes a diferentes niveis: dende arriba, nun punto intermedio ou á altura do chan.




OS DADOS CONTA-HISTORIAS

Con este dados conta-historias poderás inspirarte para crear e escribir as túas propias obras. Só terás que recortalos e pegalos para poder comezar a xogar. Unha vez elaborados os dados, lánzaos e coas imaxes que saian comeza preparar a túa historia.




A continuación podes ver os principais pernonaxes que aparecen na COMMEDIA DELL'ARTE. Recorta os dados e coa axuda dunha variña de madeira, que che permitirá manexalos mellor, fainos protagonistas da túa historia.

Coa axuda dunha lanterna, poderás explorar o oficio dos luminotécnicos e probar diferentes iluminacións para os personaxes.



Lembra que, grazas ao control na dirección da luz (frontal, cenital, contraluz etc.), podes transmitir diferentes mensaxes e efectos de iluminación.



A COMEDIA DELL'ARTE foi un xénero teatral da Italia do século XVI. O máis característico é o seu carácter de teatro de actor e equipo, e non de autor. Só existe un bosquexo da acción (scenari) e os actores improvisan os diálogos.



PULCINELLA, popular rufián, alcaide e filósofo cunha especial capacidade de adaptación e unha grande experiencia en mallar e ser mallado. Pero, con todo, un excelente orador e un singular cantor.

PANTALONE, mercador veneciano, cabeza de familia, vello, avaro e libidinoso, enxeñoso na xestión dos negocios, inconformista e namoradeiro ata o ridículo.



COLOMBINA, áxil e eficaz, a miúdo o único persoa sensato do escenario.


Axúdalle á súa señora a gañar o afecto do seu verdadeiro amor, mentres se afasta dos intentos de acoso libidinoso de Pantalone.



IL DOTTORE. O Intelectual. Obeso, gusta de beber e comer. Entremetido e pesado (frase típica: O que non é verdade é simplemente mentira).

ARLECCHINO. É o máis inquieto e vivo, orixinario de Bérgamo, encarna o traballador temporal da rexión que busca traballo en Venecia.






O TEATRO DE SOMBRAS

A creación dun teatro de sombras supón un exercicio de imaxinación e improvisación. Facilita a comprensión dos cambios de escala das sombras ao achegarnos e afastarnos da fonte de luz, o concepto de perspectiva e as propiedades de transparencia e opacidade dos materiais.

Para elaborar o teu teatro precisarás unha caixa de cartón na que deberás recortar un rectángulo na parte traseira e colocar nese oco unha folla de papel vexetal que pegarás con cinta adhesiva. Con cartón e lapis de cores poderás decorar a parte dianteira da caixa.



PROXECTOR DE SOMBRAS

Como xa sabes, a luz ten un papel moi importante na representación dos relatos.

Por iso, a continuación explicamos outra forma de crear historias a través de luces e sombras grazas a estes pequenos proxectores. Convértete en narrador desta naumaquia!







Lembra que usando esta mesma técnica podes proxectar e recrear moitas outras temáticas.

\\\\ 1 IMPRIME NUNHA CARTOLINA

\\\\ 2 RECORTA

\\\\ 3 MONTA



\\\\ 4 PEGA





A FESTA DOS MONICREQUES

Agora só queda elaborar os monicreques para representar contos ou historias no teu teatro de sombras. Para facelo tes varias opcións: a continuación mostramos algunha delas. Pensa que podes inspirarte nestas técnicas para crear outros diferentes e ampliar o teu repertorio.



Fíxate en como o tamaño da
sombra varía segundo te achegas
ou afastas do foco de luz e da
pantalla.


\\ 1 IMPRIME NUNHA CARTOLINA

\\ 2 COLOREA

\\ 3 RECORTA

\\ 4 MONTA

\\ 5 PEGA



ESCENOGRAFÍA

REALISTA RÉPLICA

Recrea un lugar determinado.



A escenografía está formada por todos os elementos visuais que conforman unha escenificación, sexan elementos construtivos do decorado, atrezzo, iluminación ou caracterización dos personaxes. É a encargada de ambientar a acción.

REALISTA SIMBÓLICO

Usa elementos asociábeis para representar en lugar de amosar.



REALISMO ATMOSFÉRICO

O escenario retrata un tipo de lugar.



A escenografía xera a atmosfera que envolve o espectador. É o primeiro vínculo do público coa obra debido ao contacto visual espectador-espazo.

Á hora de deseñar a escenografía as escenógrafas constrúen pequenas maquetas para probar e visualizar as súas creacións previamente.

Existen diversos tipos de escenografía. Entre as máis destacadas atópanse as realistas, que recrean un lugar determinado, e as abstractas, composta por figuras, formas, elementos, luz etc., para expresar estados de ánimo ou pensamentos sen relación co mundo real.



ABSTRACTO

Poden ir dende figuras, formas, elementos, luz etc., e expresan estados de ánimo ou pensamentos, pero sen necesidade de ter relación co mundo real.




PAISAXES TRIANGULARES

Para enriquecer as súas escenografías, os gregos usaban un sistema chamado periacto, un prisma triangular cunha paisaxe diferente en cada unha das súas caras. Deste xeito, ao xiralos, cambiaba a ambientación. Adoitábase situar un a cada lado do escenario.




Constrúe o teu periacto coa axuda dos prismas que aquí aparecen.

Primeiro debuxa as tres ambientacións nas que queres que se desenvolva a túa historia, tres paisaxes por exemplo.




Lembra que as tes que debuxar en dúas partes: unha parte da paisaxe nun prisma e outra parte da paisaxe no outro prisma.

Despois recorta polas liñas descontinuas e dobra as liñas continuas. Para rematar só tes que pegar as lapelas dos prismas e terás lista a túa escenografía.



Na Idade Media aparecen
as CARRETAS-ESCENAS:

Un teatro portátil que,
grazas ao deseño da
escenografía circular,
permitía o visionado da
obra dende diferentes
puntos arredor dela.



PANO
DE FONDO


PATAS

No Renacemento, a escenografía
disponse utilizando as leis
da perspectiva lineal, ao
que dá lugar á estrutura de
bastidores que empregamos
actualmente. Isto denomínase
TEATRO Á ITALIANA.

RÚAS

PATAS





BAMBOLINAS






Coas figuras xeométricas que mostramos a continuación poderás crear unha escenografía abstracta.

Recórtaas pola liña descontinua, logo dobras polas liñas continuas e despois poderás xogar con elas para compoñeres a túa escenografía.

Se o precisas, podes fotocopialas varias veces e ampliar a túa escenografía!







\\\ 1 IMPRIME NUNHA CARTOLINA
\\\ 2 RECORTA
\\\ 3 MONTA
\\\ 4 PEGA




ESCENOGRAFÍA DOMÉSTICA

Grazas a todas estas ilustracións poderás crear unha escenografía realista, podes debuxar ti mesmo algún outro elemento que precisas.





Colle unha cartolina e recorta un rectángulo nela. Agora recorta pola liña discontínua os elementos debuxados que precisas para a túa escenografía. Coa axuda da lapela inferior poderás dobralos e pegalos sobre a cartolina.





Os elementos da
escenografía poden aparecer
dende o inicio no escenario
ou saír no momento que
lles corresponde a través
do zapón.



GLOSARIO



acomodador/a

Persoa encargada de acomodar os espectadores nos asentos que lles corresponden nun teatro ou sala de cine.

actor/actriz

Persoa que desempeña un papel nunha obra teatral ou cinematográfica.

acústica (cuncha)

Estrutura de superficies reflectoras, desmontable e modular, que se constrúe dentro do escenario dun teatro. A cuncha acústica ten como obxectivo a optimización do son.

ambigú

Lugar onde se serven comidas ou refrixerios nalgúns cinemas e locais públicos.

apuntador/a

Nunha representación teatral, persoa que, oculta á vista do espectador, lles di en voz baixa aos actores e ás actrices as palabras que esquecen ou nas que vacilan.

atrezo

Conxunto de obxectos e utensilios que se empregan nun escenario teatral.

audición

Proba de selección do elenco.



bambolina

Cada unha das pezas que constitúen a decoración superior dun escenario teatral.

Tea, normalmente de cor negra, que se amarra a unha vara e que colga sobre o escenario para ocultar as cordas e elementos luminotécnicos ademais de aforar a escenografía, tanto na parte superior como nos laterais, onde normalmente se crean rúas para a entrada e saída dos actores e actrices ou para realizar a iluminación lateral. A estas bambolinas laterais chámanlles popularmente patas.

boca de escena

Parte dos teatros (sobre todo, no teatro á italiana) que separa o escenario da sala e delimita a altura e o ancho da embocadura.

bululú

Xograr de orixe galega, localizado a finais do século XVI. O oficio deste artista polifacético estaba dedicado ao divertimento durante a Idade Media e o Barroco, que representaba obras el só, mudando a voz segundo a condición dos personaxes que interpretaba.

butaca

Asento do espectador do teatro.



caixa escénica

Espazo destinado á representación actoral e á localización da tremoia. Comprende dende o subsolo do escenario ata o peite.

camerino

Cuartos que hai nun teatro ou sala de espectáculos, onde se visten e preparan para actuar os actores e artistas.

capacidade

Número máximo autorizado de persoas que pode admitir un recinto destinado a espectáculos ou outros actos públicos.

Centro Dramático Galego (CDG)

Creado no ano 1984, o CDG é a unidade da Xunta de Galicia dedicada á produción e distribución de espectáculos teatrais.

Ten como obxectivo contribuír á normalización e regularización da actividade teatral galega. Dende o seu inicio, o CDG vén desenvolvendo un constante traballo de produción e distribución de espectáculos teatrais, cun total de 68 producións e coproducións estreadas.

ciclorama

Pano semicircular situado ao fondo do escenario, sobre o que se proxectan ceos, paisaxes e toda clase de efectos visuais.

comedia

Obra de teatro en que se presentan, nun ton pouco serio ou cómico, caracteres e costumes e que ten un final feliz.

commedia dell'arte

Xénero cómico italiano nacido no século XVI e de importante influencia na cultura escénica europea posterior. Os argumentos máis típicos xiran ao redor de situacións cómicas que tratan de provocar a risa entre o público mediante a ridiculización dalgúns dos seus personaxes. Os personaxes que se poden observar neste xénero tan festivo son sempre fixos e clásicos. Utilízanse máscaras como norma xeral e podemos distinguir entre os personaxes poderosos, os protagonistas en escena e os criados.

Os principais intérpretes que se contaban en escena representaban sempre estes papeis principais: Pantalone, Il Capitano, Tartaglia, Brighella, Arlequín, Polichinela, Lelio, Colombina, Il Dottore e Scaramouche.



despacho de billetes

Lugar, xeralmente unha cabina, onde se venden entradas para un espectáculo.

diorama

Representación pictórica que se realiza sobre unha superficie transparente pintada polas dúas caras, de xeito que, segundo a iluminación que reciba, produce diversas imaxes e efectos.

dramaturgo/a

Persoa que se dedica a escribir o texto das obras de teatro ou que adapta libros e os converte en guións para representacións teatrais. Tamén se encarga do deseño e da estrutura da obra tal como deberá ser representada.

dramaturxia

Actividade consistente en elaborar o texto da representación para que se poida levar a cabo un espectáculo. Ademais de ao teatro, pode aplicarse á danza, á opera e ao circo.

E

elenco

Conxunto de actrices e actores que integran unha compañía ou que participan nun espectáculo teatral.

ensaiar

Realizar unha actividade antes de ser executada definitivamente en público, para asegurarse do resultado ou saber como vai saír.

escena / escenario

Parte do teatro onde se fan as representacións.

escenografía

Arte ou técnica de proxectar e deseñar o decorado do interior do teatro, especialmente do escenario, para a representación teatral.

espectáculo

Representación ou función celebrada nun lugar ao que asiste público.

F

figurino

Debuxo ou deseño que serve de modelo para confeccionar roupa ou para representar traxes dun espectáculo.

foro

Parte situada ao fondo do escenario dos teatros.

foso

Parte situada debaixo do escenario dos teatros onde se coloca a orquestra.

G

galiñeiro ou paraíso

Parte máis elevada dun teatro, cine etc., onde se atopan as localidades máis baratas.

grella

Estrutura dos teatros, antigamente de madeira e na actualidade de metal, por debaixo do teito do escenario, para soportar os equipos e os sistemas de suspensión das escenografías.

Existen dous tipos de grellas dependendo da colocación dos perfís con respecto á embocadura do teatro. Se son perpendiculares, denomínase “grella á inglesa”; se son paralelos á embocadura, recibirá o nome de “grella á italiana”.



hypokrités

Termo grego (ὕποκριτης) para referirse ao actor e que significa, literalmente, “persoa que responde”.



iluminación

Conxunto de sistemas, aparellos etc., destinados a iluminar.



lámpada

Denominación xeral referida calquera artefacto ou liña de iluminación de escena.

luces de proscenio

Luces que se colocan en fila horizontal para crear unha iluminación ambiental e eliminar as sombras dos rostros dos actores e actrices.

luminotécnico

Persoa que traballa xunto ao construtor ou á construtora de escenografías para ambientar con luces as escenas.



máscara

Prótese elaborada mediante diversos materiais segundo a época, como madeira, pasta de liño, pasta de papel ou plástico, que oculta total ou parcialmente a faciana da persoa que a leva.

monicreques

Figuriña de madeira, papel ou outro material, que pode ser articulada e moverse mediante uns fíos que manexa unha persoa.

montacargas/plataforma hidráulica

Aparello que serve para transportar cargas ou vultos voluminosos en sentido vertical dunhas plantas a outras nunha construción.

monólogo

Escena teatral na que só intervén un personaxe.

musas

Cada unha das nove deusas que, na mitoloxía clásica, protexían as artes e as ciencias.

Melpómene e Talía son as musas do teatro. A primeira da traxedia e a segunda da comedia.

As outras son Calíope (musa da poesía épica), Clío (musa da historia), Euterpe (musa da poesía lírica), Terpsícore (musa do baile), Erato (musa da poesía erótica), Polimnia (musa da poesía sacra) e Urania (musa da astronomía).



narrador/a

Persoa ou personaxe que conta a historia nunha obra narrativa.

naumaquia

Recreación de combates navais propios da Antiga Roma en estanques ou lagos.



ombros

Partes laterais do escenario que permanecen ocultas á vista do espectador.



personaxe

Persoa imaxinaria que figura nunha obra de teatro.

palco

Espazo independente con forma de balcón e varios asentos que hai nos teatros e noutras salas de espectáculos.

pano de boca

Cortina que nun teatro separa o escenario dos espectadores.

pano metálico antilume

Pano de urxencia que en caso de incendio se baixa para separar o escenario da platea e impedir o paso de fumes e chamas.

papel

Parte dunha obra de teatro que debe interpretar cada actriz e actor.

pantomima

Representación teatral na que os personaxes non se expresan con palabras, senón con movementos e xestos.

patas

Cortinas que colgan a ambos os dous lados do escenario. A separación das patas forma as rúas.

peite

Elemento metálico que pecha por arriba a caixa escénica do que se colgan as varas, os motores que as accionan, as luces, os panos e os elementos que permanecen suspendidos mentres non se usan.

perspectiva

Arte de representar os obxectos sobre unha superficie plana, de xeito que aparezan en tres dimensións.

platea ou patio de butacas

Patio ou parte baixa do teatro onde se coloca o público.

ponte de manobras

Conxunto de pasarelas fixas, aos costados do escenario e a certa altura, onde o tremoísta especializado realiza as manobras de maquinaria: subir e baixar panos, mover os decorados, manexar a grella, etc.

produtor/a

Persoa ou empresa que organiza e financia unha obra teatral, cinematográfica, discográfica etc.

proscenio

Parte do escenario máis próxima ao público. Vai dende o borde do escenario ata o pano de boca.

público

Conxunto de persoas que asiste a un espectáculo.



quitón

Túnica pegada ao corpo. Foi unha peza esencial na vestimenta grega e de uso indistinto en homes e mulleres.



repertorio

Conxunto de obras, especialmente teatrais ou musicais, que un artista, actor, compañía etc., ten preparadas para representar ou executar.



sala

Espazo que reúne as condicións técnicas necesarias para acoller a exhibición de calquera tipo de produción escénica.



teatro á italiana

Modelo arquitectónico teatral que segue unha disposición enfrontada entre escenario e público e que diferencia claramente eses dous ámbitos. O escenario sepárase da sala mediante o marco de embocadura, ao tempo que a sala posúe zona de patio de butacas e palcos organizados en diferentes andares.

Nos teatros á italiana, o patio de butacas chámase tamén ferradura pola forma circular da sala ou platea. Esta forma favorece a acústica do espazo e permite que se escoite moi ben a voz dos actores e das actrices en calquera parte da sala.

técnico

Persoa especializada nunha determinada actividade, particularmente cando esta é de carácter práctico e se basea na aplicación de coñecementos científicos teóricos.

tiro

Cordas suxeitas á grella, que sosteñen as varas. Hai varios tiros por cada vara que se controlan dende a ponte de manobras.

traxedia

Obra dramática de carácter serio, na que interveñen personaxes importantes e na que o protagonista é conducido polo seu fado cara a un desenlace fatal.

tremoia

Conxunto de dispositivos manexados durante a representación teatral para realizar os cambios de decorado e os efectos visuais e sonoros.

tremoeiro ou maquinista

Persoa que ten por oficio deseñar, montar ou manexar as tremoias dun teatro.



utileiro ou atrecista

Persoa que ten por oficio encargarse do conxunto de obxectos e utensilios que se empregan nun escenario teatral.



vara

Soporte de madeira ou metal desde onde se colgan os elementos da escenografía e os focus e reflectores.

vestíbulo

Espazo de encontro no edificio teatral.

voz

Son producido na larinxe polo aire expulsado dos pulmóns, ao facer vibrar as cordas vocais. Ferramenta de traballo de actrices e actores.



xastra/xastre

Persoa que se dedica a facer roupa para home, sobre todo traxes.

xastraría

Actividade ou oficio das xastras e dos xastres.

xira

Conxunto de actuacións dun artista ou unha compañía por diferentes escenarios e cidades.



zapón

Pequena porta ou abertura feita no escenario do teatro, que permite que saian a escena ou desaparezan a través dela persoas ou elementos da escenografía que se almacenan baixo o escenario.







XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galici@